



### Concello de Betanzos

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

**ASUNTO:** Convocatoria dunha 3ª licitación do proxecto MERCADOS SOSTIBLES: SUBMINISTRO DE ELEMENTOS POTENCIADORES DE MERCADO PACKAGING/EMBALAXES (REPETICION)

**EXPEDIENTE:** 2024/G003/001772

### ANTECEDENTES

#### PRIMEIRO.

1.- A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria do xoves 4 de maio acordou aprobar o expediente de contratación "MERCADOS SOSTIBLES: SUBMINISTRO DE ELEMENTOS POTENCIADORES DOE MERCADO, convocando a súa licitación nos seguintes lotes:

-Lote 1: Mobiliario urbano e paneis.

-Lote 2: Casetas/postas de venda.

-Lote 3: Sinaléctica Urbana.

-Lote 4: Sinaléctica téxtil.

-Lote 5: Packaging/Embalaxes.

2.- O día 4 de xuño publícase o anuncio de licitación na Plataforma de Contratos do Sector Público; quedando desertos os lotes nº 3, 4 e 5

3.-A Xunta de Goberno Local do Concello de Betanzos, na sesión Ordinaria do venres 26 de xullo de 2024, acordou aprobar os seguintes expedientes de contratación, convocando tres licitacións:

-SUBMINISTRO DE ELEMENTOS POTENCIADORES DE MERCADO, SEÑALECTICA URBANA (REPETICION):

-SUBMINISTRO DE ELEMENTOS POTENCIADORES DE MERCADO, SEÑALECTICA TEXTIL (REPETICION):

-SUBMINISTRO DE ELEMENTOS POTENCIADORES DE MERCADO, EMBALAXES (REPETICION):

4.-Publícanse os correspondentes anuncios de licitación, quedando novamente desertas as licitacións:

-SUBMINISTRO DE ELEMENTOS POTENCIADORES DE MERCADO, SEÑALECTICA URBANA (REPETICION):

-SUBMINISTRO DE ELEMENTOS POTENCIADORES DE MERCADO, EMBALAXES (REPETICION):

### LEXISLACION:

#### A Lexislación aplicable é a seguinte:

— Os artigos 63, 99 a 102, 116, 117, 122, 124 e 131 a 159 e as Disposicións Adicionais Segunda, Terceira e Décimo quinta da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.

— Os artigos 4 a 6, 18 a 24, 27 e 48 a 64 da Directiva 2014/24/UE, do Parlamento Europeo e do Consello de 26 de febreiro de 2014, sobre Contratación Pública e pola que se derroga a Directiva 2004/18/CE (en diante Directiva de Contratación).

— O Real Decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de Contratos do Sector Público.

— O Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas. (Artigos vixentes tras a entrada en vigor do Real Decreto 817/2009, de 8 de maio).

### CONSIDERACIONS:

PRIMEIRA. Considérase deserta unha licitación cando o día do peche do prazo de presentación de ofertas, ás 23:59 horas, non se ten rexistrado ningunha oferta. Analizadas as causas polas que, licitadas dúas veces, non se interese ningunha empresa, considerando que pode deberse ao descoñecemento da Plataforma de Contratos, ao ser publicado unicamente por este medio.

Visto canto antecede, considérase que o expediente seguiu a tramitación establecida na Lexislación aplicable procedendo a súa aprobación pola alcaldesa de acordo co artigo 61.1.o) da Lei 5/1997, de 22

Documento asinado electrónicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe na <https://sede.betanzos.gal> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento (Artigo 42 b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público).



**Concello de Betanzos**

Praza de Galicia, nº 1, 15300 Betanzos, A Coruña

Teléfono: 981 770 011

Fax: 981 776 529

web: [www.betanzos.net](http://www.betanzos.net)

sede electrónica: <https://sede.betanzos.gal>

e-mail: [correo@betanzos.net](mailto:correo@betanzos.net)

de xullo, de Administración Local de Galicia, en concordancia co artigo 21.1.q) da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local. **RESOLVO:**

PRIMEIRO. Convocar unha terceira licitación, do subministro: SUBMINISTRO DE ELEMENTOS POTENCIADORES DE MERCADO, EMBALAXES (REPETICION):na Plataforma de Contratos do Serctor Público, concedendo aos posibles licitadores un prazo de dez días naturais para que presenten as súas ofertas; para o que se publicarán novamente os pregos administrativos e técnicos aprobados.

SEGUNDO. Publicitar na web do Concello de Betanzos dita licitación coa finalidade de achegar esta licitación ao maior número de empresas especializadas nesta actividade.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución aos distintos servizos administrativos da Corporación, e dar conta ao Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre en cumprimento do disposto no art. 42 do Real Decreto 2568/86, de 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

Betanzos, na data que figura na marxe

A alcaldesa  
María Barral Varela

O secretario (Asinado aos efectos do art.3.2 do RD 128/18, do 16 marzo)  
Adrián J. Márquez Caramés